



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A APLICACIÓN DE DESCONTOS A ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SERVIZOS PÚBLICOS DE TRANSPORTE

23 de novembro de 2020

REUNIDOS

Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da dita Consellería,

Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación da Universidade da Coruña (en diante UDC).

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN

As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, de xeito xenérico as Administracións participantes pretenden potenciar de forma específica a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

Con esta finalidade, as partes asinantes formalizaron un primeiro convenio de colaboración o 18 de novembro de 2014 para que a UDC puidese aplicar bonificacións adicionais respecto das tarifas vixentes no eido do Plan de Transporte Metropolitano da Coruña e de Ferrol ao alumnado da Universidade. En base á súa cláusula vixésima este convenio foi obxecto de sucesivas prórrogas anuais previo acordo da Comisión de Seguimento, tendo a última delas vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Toda vez que este convenio esgotou o prazo de duración máximo previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é preciso a sinatura dun novo Convenio ao obxecto de manter a liña de colaboración existente entre as partes asinantes co obxectivo final de garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo.

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Constitución española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O





Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á implantación de plans de fomento do transporte público.

A UDC colabora no desenvolvemento, execución e control nas bolsas de axuda en materia de transporte para facilitar o acceso ao estudo do alumnado da universidade de acordo co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e no artigo 63 dos Estatutos da Universidade da Coruña (aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro).

De conformidade co exposto e, en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan a aplicación de descontos nas viaxes en transporte regular de viaxeiros a estudantes da UDC e

ACORDAN

Asinar este convenio de colaboración, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para que a UDC poida aplicar bonificacións adicionais respecto das tarifas vixentes, ao alumnado da Universidade que esta rexistre na aplicación TARSOC como beneficiario desas axudas.

Segunda.- Ámbito subxectivo

As bonificacións previstas neste convenio aplicaranse aos desprazamentos sinalados na cláusula terceira que realice o alumnado da UDC que estea oficialmente matriculado no curso académico para o que se outorgan as axudas e que a Universidade dea de alta na aplicación TARSOC como beneficiario das ditas axudas.

Terceira.- Desprazamentos bonificados

Os desprazamentos bonificados pola UDC en virtude deste convenio son:





- a. Na ATM da Coruña: desprazamentos dende calquera dos concellos integrantes da ATM ás dependencias universitarias da UDC no Campus da Coruña, e viceversa.
- b. Na ATM de Ferrol: desprazamentos dende calquera dos concellos integrantes da ATM ás dependencias universitarias da UDC no Campus de Ferrol, e viceversa.
- c. Aquelas outras relacións de tráfico que, con orixe ou destino nas dependencias universitarias da UDC no Campus da Coruña ou no Campus de Ferrol, atendan demandas da comunidade universitaria e que sexan establecidas mediante acordo de Comisión de Seguimento deste convenio.

Cuarta.- Ámbito temporal

1. As bonificacións reflectidas neste convenio aplicaranse durante o curso académico universitario da UDC, en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión, e serán revisadas aos doce meses da súa concesión, estando obrigadas as persoas beneficiarias a achegar en cada momento a documentación que lles sexa requirida por parte da UDC.
2. As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a comunicar de inmediato á UDC calquera variación na súa situación que puidera supoñer un incumprimento das condicións que determinaron a súa concesión.

Quinta.- Bonificacións

1. A contía das axudas fíxase tomando como referencia os prezos da viaxe pagados coa TMG que estean establecidos en cada momento para os desprazamentos bonificados.
2. Establécese como contía máxima da axudas por alumno ou alumna e curso académico, aquela determinada pola UDC na respectiva convocatoria de axudas ao transporte. Este importe poderá ser modificado pola UDC mediante comunicación cursada á Dirección Xeral de Mobilidade con, cando menos, un mes de antelación ao inicio do período temporal no que vaia resultar de aplicación. Igualmente, a petición da UDC, a Comisión de Seguimento poderá acordar, en calquera momento, a modificación do dito importe.
3. As bonificacións asumidas pola UDC establécense nas seguintes porcentaxes:

SALTOS DA VIAXE	PREZO DA VIAXE CON TMG	PORCENTAXE DE BONIFICACIÓN	CONTÍA BONIFICADA	PREZO DA VIAXE CON BONIFICACIÓN
0	0,88	50%	0,44	0,44
1	0,88	50%	0,44	0,44
2	1,34	40%	0,53	0,81
3	1,90	35%	0,66	1,24
4	2,31	35%	0,80	1,51
5	3,22	35%	1,12	2,10
6	3,78	35%	1,32	2,46





4. No caso de que, no eido deste convenio, se realicen viaxes de máis número de saltos que as contempladas na táboa anterior, aplicaranse a estas viaxes a porcentaxe de desconto prevista para as viaxes de 6 saltos.

5. A porcentaxe de bonificación e a contía máxima bonificada por curso e alumno manteranse con independencia da variación das tarifas do transporte, de acordo co indicado no punto primeiro.

Non obstante, a petición da UDC, a Comisión de Seguimento do Convenio poderá acordar a actualización ou modificación das ditas contías máximas bonificables e porcentaxes, así como a fixación daquelas que resulten precisas para a súa correcta aplicación ao conxunto de tarifas TMG que ao longo do prazo de vixencia do presente convenio poidan resultar de aplicación ás relacións de tráfico previstas na cláusula terceira.

6. O aboamento das axudas canalizadas a través deste convenio farase efectivo para as persoas beneficiarias no momento no que estas efectúen a recarga da tarxeta a finais do mes seguinte a aquel no que comecen a aplicarse as axudas. Así, as axudas do mes de setembro poranse a disposición das persoas usuarias a finais do mes de outubro e así sucesivamente.

7. As persoas usuarias dispoñen dun prazo de dous meses para aceptar cada bonificación dende a data na que esta se pon á súa disposición. No caso de non aceptar a recarga dentro do devandito prazo, esta recarga caducará e perderán o dereito a percibila. As persoas beneficiarias das axudas establecidas en virtude deste convenio poden consultar o estado das súas recargas no seguinte enlace: <https://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>

8. Estas axudas serán compatibles con outras bonificacións que se apliquen sobre as viaxes pagadas coa TMG.

9. En ningún caso a aplicación das bonificacións poderá superar o 100% do prezo total da viaxe aboada pola persoa beneficiaria.

Sexta.- Aplicacións informáticas para a xestión das axudas

A xestión económica e a análise da explotación das viaxes bonificadas realízase a través da aplicación informática SITME e da aplicación TARSOC (Tarxeta social).

Sétima.- Títulos de viaxe válidos para beneficiarse dos descontos

1. Para os efectos da aplicación dos descontos previstos neste convenio será unicamente válido como título da viaxe a Tarxeta Metropolitana de Galicia (en diante TMG). A tarxeta debe adquirirse, ao prezo unitario establecido, nas oficinas da entidade bancaria colaboradora no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia indicadas no seguinte enlace web: <https://tmg.xunta.gal/tarxeta-metropolitana-introduccion>





2. As tarxetas rexistradas na aplicación TARSOC para beneficiarse das bonificacións serán de uso exclusivo do seu titular, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigado a comunicar á UDC a súa perda ou deterioro para proceder á súa substitución ou anulación.

3. As partes poderán acordar no seo da Comisión de Seguimento deste convenio, a incorporación de novos medios de pagamento que, mediante a aplicación de novas tecnoloxías, complementen ou, se fose o caso, substitúan a TMG.

Oitava.- Obrigas da UDC relativas á xestión da aplicación

1. Remitir á Dirección Xeral de Mobilidade a certificación na que se indique a identidade da persoa ou persoas habilitadas pola UDC para a administración da aplicación (dar de alta as tarxetas, substitución de tarxetas....), segundo o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Mobilidade. Unha vez recibida a información na dirección xeral, procederase a dar de alta á persoa/s indicada/s no sistema e remitiráselle unha clave de acceso que poderán modificar posteriormente.

2. Usar a aplicación TARSOC nos termos indicados no manual de uso facilitado pola Dirección Xeral de Mobilidade. A estes efectos, a UDC será responsable da correcta utilización tanto da aplicación informática, coma da información que obre nesta ou que se introduza na aplicación por parte do persoal habilitado para a xestión da aplicación, con especial incidencia na información que conteña datos de carácter persoal.

3. Gardar na aplicación TARSOC a documentación que corresponda achegar ás persoas beneficiarias das bonificacións.

4. Rexistrar na aplicación TARSOC as altas, baixas e substitucións das tarxetas asociadas á bonificación.

5. Comprobar e, no seu caso, sancionar o uso fraudulento da TMG.

Novena.- Obrigas da Dirección Xeral de Mobilidade relativas á xestión da aplicación

1. Crear na aplicación TARSOC os colectivos previstos neste convenio. Do mesmo xeito debe inserir na aplicación as baixas e os cambios que comunique a UDC respecto dos perfís asociados ás bonificacións aplicables en virtude deste convenio.

2. Dar conta na/s comisión/s de seguimento que se celebren tras a sinatura do convenio das bonificacións de desconto aplicadas en virtude deste.

3. Remitir á UDC un manual de funcionamento da aplicación TARSOC e a URL da aplicación.

4. Rexistrar como 'promotor' á UDC na aplicación TARSOC. Facilitar á UDC o documento tipo para comunicar as persoas autorizadas para a xestión da aplicación social e, una vez rexistradas estas na aplicación, remitir as claves das persoas usuarias da aplicación.

Décima.- Obrigas económicas da Dirección Xeral de Mobilidade





1. Materializar mensualmente o abono, con cargo ás achegas previamente realizadas por parte da UDC, dos importes correspondentes ás persoas usuarias beneficiarias das bonificacións. Para estes efectos, mensualmente realizarase o recálculo das bonificacións que correspondan a cada unha das persoas usuarias atendendo ao perfil que teñan asociado. O proceso de cálculo farase mediante a aplicación informática SITME e a aplicación TARSOC e terá os seguintes límites:

- a. Nos casos de multicancelación ou venta múltiple só computará unha viaxe
- b. A bonificación asociada á tarxeta non pode superar nunca o importe do 100% da viaxe

2. Remitir no mes de novembro á UDC a liquidación do curso académico anterior. Esta liquidación será emitida e xustificada atendendo aos datos extraídos da aplicación TARSOC en conexión coa aplicación informática SITME. A referida liquidación contemplará os reaxustes das obrigas económicas relativas ao curso académico, establecendo, segundo o caso, a minoración da parte a ingresar que deba materializar para o curso seguinte, ou o incremento que corresponda achegar polo importe non cuberto no curso anterior. Na liquidación darase conta das recargas caducadas por non aceptación destas por parte dos seus titulares.

A liquidación deberá acompañarse dunha relación do alumnado beneficiario, na que conste o DNI, apelidos e nome, así como o número de viaxes bonificadas, por saltos.

3. Sen prexuízo do exposto no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Mobilidade debe facer un seguimento mensual do gasto que lle corresponde á UDC en virtude deste convenio.

Unha vez aplicadas as bonificacións previstas, para o caso de que a estimación económica inicial, de acordo cos datos que se van rexistrando na aplicación de xestión, sexa previsiblemente insuficiente para atender os pagamentos, a Dirección Xeral de Mobilidade requirirá á UDC que, no prazo de dous meses dende a recepción da correspondente comunicación, achegue o importe necesario para o financiamento. En caso de que a UDC non faga a súa achega no prazo requirido, aplicaranse as regras establecidas na cláusula seguinte. Do mesmo xeito, no caso de que exista unha sobreestimación económica constatada a través dos datos que se van rexistrando na aplicación de xestión, a Dirección Xeral de Mobilidade, a petición da UDC, tramitará expediente de reintegro da contía excedente. A UDC deberá indicar na solicitude de reintegro o número de conta habilitado para efectuar o ingreso.

Décimo primeira.- Obrigas económicas da UDC

1. Asumir o 100% das bonificacións aplicables en virtude do presente convenio e transferir á Dirección Xeral de Mobilidade a achega económica que corresponda no prazo de dous meses dende que sexa requirida de maneira oficial á entidade, ben na liquidación anual do exercicio, ben nos supostos de requirimento de achegas puntuais para cumprir coas obrigas.





Así, a UDC deberá efectuar o ingreso na conta xeral da Xunta de Galicia e achegar á Dirección Xeral de Mobilidade dentro do prazo indicado xustificante de ter efectuado o ingreso. O importe será obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 07.04.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

De non se efectuar a achega correspondente no prazo estipulado, as partes asumen expresamente que estas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles. Sen prexuízo do anterior, de non se ter materializado en prazo o ingreso da achega, a Dirección Xeral de Mobilidade suspenderá o pagamento das contías que correspondería abonar ás persoas usuarias ata que se materialice o ingreso, sen prexuízo de que se poida determinar a caducidade das bonificacións acumuladas.

2. Con carácter previo á entrada en vigor do establecido neste convenio, a UDC deberá realizar o ingreso da achega estimada para este exercicio.

Para o curso académico 2020-2021, feitos os cálculos oportunos respecto da poboación que poida verse afectada, e a proposta da UDC, estímase que o importe necesario para o financiamento das bonificacións aplicables en virtude do presente convenio ascende á contía de 5.000 euros. A devandita contía ten a natureza de estimación. A UDC dispón do prazo dun mes para realizar a achega dende a sinatura do presente documento. As bonificacións previstas neste convenio aplicaranse a partir do mes natural seguinte ao da materialización da achega que corresponde efectuar á UDC para o financiamento destas axudas.

Décimo segunda.- Toma en coñecemento das Comisións de seguimento afectadas

A Dirección Xeral de Mobilidade debe dar conta das bonificacións aplicables nas comisións de seguimento das ATM nas que estea a funcionar o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e nas que estean integrados concellos afectados polas axudas establecidas neste convenio.

Décimo terceira.- Tramitación de incidencias

A UDC deberá comunicar á Dirección Xeral de Mobilidade as incidencias relativas á xestión da aplicación TARSOC.

Os usuarios poderán facer constar as súas queixas e/ou suxestións a través do enlace web habilitado para os efectos pola UDC.

Décimo cuarta.- Criterios de uso da Tarxeta

1. Cada persoa usuaria só poderá dar de alta unha única tarxeta asociada aos descontos previstos no presente convenio.





2. A persoa titular da tarxeta que se dea de alta na aplicación TARSOC debe ser a mesma que a beneficiaria das bonificacións aplicables en virtude do presente convenio.
3. A persoa usuaria será responsable do uso e custodia da tarxeta.
4. Para poder ser beneficiario destas axudas debe tramitarse a alta na UDC e achegar a documentación establecida para cada suposto.
5. A caducidade das bonificacións producirase aos dous meses respecto daquel no que se xerase o dereito á bonificación se a persoa usuaria non a acepta nese prazo, sen prexuízo do disposto no convenio para os casos nos que a UDC non realice o pagamento das cantidades debidas no prazo estipulado. Anualmente, a Dirección Xeral de Mobilidade fará a liquidación coa UDC das bonificacións caducadas.
6. As persoas usuarias deberán identificarse nos supostos nos que sexan requiridas a tales efectos.

Décimo quinta.- Natureza xurídica e normativa aplicable

Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

Décimo sexta.- Control

A execución deste convenio quedará sometida á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Décimo sétima.- Comisión de seguimento do convenio

1. Esta comisión está composta por:
 - A persoa titular da Vicerreitoría de Estudantes da UDC
 - A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade ou persoa en quen delegue
 - Persoal técnico (unha persoa por parte da UDC e outra por parte da Dirección Xeral de Mobilidade).





2. Correspóndelle á comisión de seguimento as funcións que se lle atribúen en virtude deste convenio, así como o labor de interpretación e desenvolvemento deste.
3. Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta do convenio, a Comisión de Seguimento poderá acordar a modificación da contía máxima subvencionada por estudante, así como das porcentaxes aplicables.
4. Os acordos da Comisión de Seguimento deberán ser adoitados por unanimidade.

Décimo oitava.- Causas de resolución

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

- a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna á outra cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.
- b. A desistencia de calquera das partes asinantes, cun prazo de aviso previo de 3 meses.
- c. O mutuo acordo das partes.

Décimo novena.- Competencia xurisdiccional

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vixésima.- Entrada en vigor e vixencia

O presente Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos.

O presente Convenio poderá ser obxecto de prórroga anual ata acadar un máximo de catro anos adicionais, previo acordo da Comisión de Seguimento adoptado como mínimo cun mes de antelación á finalización do ano inmediatamente anterior a aquel en que teña vixencia a dita prórroga.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade
Ethel M^a Vázquez Mourelle

O reitor da Universidade da Coruña
Julio E. Abalde Alonso

